



## **CONCELLO DE REDONDELA**

O Pleno en sesión ordinaria do 28/02/2019 aprobou provisionalmente a modificación das Ordenanzas Fiscais reguladoras da taxa por recollida de lixo, da taxa de alcantarillado e da taxa por servicios de distribución de auga, gas, electricidade e outros abastecementos públicos incluídos os dereitos de enganche de liñas e colocación e utilización de contadores e instalacións análogas, cando ditos servicios ou subministros sexan prestados por entidades locais.

Cumprindo co RDLex 2/2004 do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, a modificación expónse ao público durante 30 días hábiles contados a partir do seguinte ao da última publicación deste anuncio no BOP de Pontevedra ou no diario ao que se refire o artigo 17.2 do RDLex 2/2004. Dentro do prazo citado os/as interesados/as debidamente lexitimados/as, poderán examinar o expediente administrativo e presentar, por escrito, as reclamacións que estimen oportunas.

De non presentarse reclamacións dentro do prazo establecido entenderase definitivamente adoptado o acordo sen necesidade de acordo plenario.

**DOCUMENTO DATADO E ASINADO DIXITALMENTE AO MARXE**